



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2019-2020

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Estudo cualitativo sobre as vivencias de
mulleres superviventes á violencia sexual**

Lara Rodríguez Guerreiro

Xuño 2020

Directoras do traballo:

Natalia Vázquez Pita

Terapeuta Ocupacional. Axente de Igualdade. Directora Centro Información Á Muller.

Nereida María Canosa Domínguez

Terapeuta Ocupacional. Profesora Facultade de Ciencias da Saúde, Universidade da Coruña.

“Nolite te Bastardes Carborundorum”

Margaret Atwood

RESUMO

Título: Estudo cualitativo sobre as vivencias de mulleres superviventes á violencia sexual.

Introdución: A violencia sexual é unha realidade que está máis presente no noso día a día do que podemos chegar a imaxinar. En relación a este fenómeno existe unha gran cifra negra de mulleres que foron vítimas, pero só é posible estimar un número aproximado empregando cuestionarios de victimización abertos á toda a sociedade. A pesar de que hai un crecente interese dende fai uns anos por temas de xénero non se atopou evidencia científica que relacione directamente Terapia Ocupacional con violencia sexual facéndose necesario investigar sobre o impacto que esta pode chegar a ter nas súas vidas e na súa saúde.

Obxectivo: Indagar sobre o impacto ocupacional que sofren as mulleres superviventes de violencia sexual.

Metodoloxía: Esta investigación seguiu unha metodoloxía cualitativa cun enfoque bibliográfico, que ten como fin último centrarse na historia das superviventes, sen buscar nada máis alá do que se esta está a comunicar, antepoñendo os “significados” que constrúen e dan sentido a dita historia.

Resultados: Despois de realizar o análise de datos emerxeron seis categorías que pretender dar resposta ó fenómeno do estudo: “impacto durante a vida”, “medo”, “soidade”, “perspectiva cultural”, “agresións” e “a mirada da comunidade”.

Conclusións: Tras a realización desta investigación pódese observar o xeito no que a violencia sexual impacta de maneira destrutiva na vida das mulleres, alterando as súas rutinas, afectando a o seu equilibrio ocupacional e a súa participación activa na comunidade e causando consecuencias na súa saúde. A Terapia Ocupacional posúe un importante papel neste ámbito podendo levar a cabo unha práctica baseada en

Dereitos Humanos e Xustiza Social e Ocupacional, proporcionando a poboación oportunidades de participación activa na comunidade.

Palabras clave: Terapia Ocupacional, Violencia Sexual, Impacto Ocupacional.

Tipo de estudio: Traballo de Investigación.

RESUMEN

Título: Estudio cualitativo sobre las vivencias de mujeres supervivientes a la violencia sexual.

Introducción: La violencia sexual es una realidad que está más presente en nuestro día a día de lo que podemos llegar a imaginar. En relación con este fenómeno existe una gran cifra negra de mujeres que fueron víctimas, pero solo es posible estimar un número aproximado empleando cuestionarios de victimización abiertos a la toda la sociedad. A pesar de que hay un creciente interés desde hace unos años por temas de género no se encontró evidencia científica que relacione directamente Terapia Ocupacional con violencia sexual haciéndose necesario investigar sobre el impacto que ésta puede llegar a tener en sus vidas y en su salud.

Objetivo: Indagar sobre el impacto ocupacional que sufren las mujeres supervivientes de violencia sexual.

Metodología: Esta investigación siguió una metodología cualitativa con un enfoque bibliográfico, cuyo objetivo final es centrarse en la historia de las supervivientes, sin buscar nada más allá de lo que se está comunicando, poniendo los "significados" que construyen y dan sentido a esa historia.

Resultados: Después de realizar el análisis de datos emergieron seis categorías que pretenden dar respuesta al fenómeno de estudio: "impacto durante la vida", "miedo", "soledad", "perspectiva cultural", "agresiones" y "la mirada de la comunidad".

Conclusiones: Tras la realización de esta investigación se puede observar la manera en el que la violencia sexual impacta de manera destructiva en la vida de las mujeres, alterando sus rutinas, afectando la su equilibrio ocupacional y su participación activa en la comunidad y causando consecuencias en su salud. La Terapia Ocupacional posee un importante papel en este ámbito pudiendo llevar a cabo una práctica basada en

Derechos Humanos y Justicia Social y Ocupacional, proporcionando la población oportunidades de participación activa en la comunidad.

Palabras clave: Terapia Ocupacional, Violencia Sexual, Impacto Ocupacional.

Tipo de estudio: Trabajo de investigación.

ABSTRACT

Title: Qualitative study on the experiences of survivors women of sexual violence.

Introduction: Sexual violence is a reality that is more present in our day to day than we can imagine. In relation to this phenomenon, there is a large black number of women who were victims, but it is only possible to estimate an approximate number using victimization questionnaires open to the entire society. Even though there has been a growing interest in gender issues for a few years, no scientific evidence was found that directly related Occupational Therapy with sexual violence, making it necessary to investigate the impact it may have on their lives and on their health.

Objective: Inquire about the occupational impact suffered by the women survivors of sexual violence.

Methodology: This research followed a qualitative methodology with a bibliographic approach, whose which goal is to focus on the survivor's history, without seeking anything beyond what is being communicated, putting the "meanings" that build and give meaning to that history.

Results: After performing the data analysis, six categories emerged to try to respond to the phenomenon of the study: "impact during the coming", "fear", "loneliness", "cultural perspective", "aggressions" and "the gaze of the community".

Conclusions: After carrying out this research, it is possible to observe the way in which sexual violence has a destructive impact on the lives of women, altering their routines, affecting their occupational balance and their active participation in the community and causing consequences on their health. Occupational Therapy has an important role in this area, being able to carry out a practice based on Human Rights and Social and Occupational Justice, providing the population with opportunities for active participation in the community.

Keywords: Occupational Therapy, Sexual Violence, Occupational Impact.

Type of study: Research work.

ÍNDICE

RESUMO	4
RESUMEN	6
ABSTRACT	8
1. INTRODUCCIÓN	12
1.1. Violencia de xénero	12
1.2. Violencia sexual	15
1.3. Terapia ocupacional e violencia sexual	20
2. PREGUNTA E OBXECTIVOS DO ESTUDO	22
2.1. Pregunta de investigación	22
2.2. Obxectivo xeral	22
2.3. Obxectivos específicos	22
3. METODOLOXÍA.....	23
3.1. Tipo de estudo	23
3.2. Fases do estudo	24
3.3. Ámbito de estudo e entrada ó campo	25
3.4. Poboación de estudo.....	26
3.4.1. Criterios de selección	26
3.4.2. Características das participantes	26
3.5. Recollida de datos	27
3.6. Análise dos datos	28
3.7. Posición da investigadora	29
3.8. Consideracións éticas.....	29
4. RESULTADOS.....	31
4.1. Impacto durante a vida.....	31
4.2. Medo	32

4.3. Soidade.....	33
4.4. Perspectiva cultural.....	34
4.5. Agresións	35
4.6. A mirada da comunidade	37
5. DISCUSIÓN	39
6. CONCLUSIÓNS.....	44
7. AGRADECIMENTOS.....	45
8. BIBLIOGRAFÍA	46
9. APÉNDICES	51
9.1. Apéndice I. Carta de aceptación para o desenrolo do estudo 51	
9.2. Apéndice II. Documento de información para el centro	52
9.3. Apéndice III. Documento de información para as participantes 54	
9.4. Apéndice IV. Documento de consentimento informado.....	58
9.5. Apéndice V. Guión de entrevista mulleres superviventes 1 .	59
9.6. Apéndice VI. Guión de entrevista mulleres superviventes 2	62

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Violencia de xénero

Os inicios do concepto de xénero entendido como categoría clasificatoria da sociedade residen no ensaio “El Segundo Sexo” de Simone de Beauvoir. Nel, a escritora expón que todas aquelas características humanas entendidas como femininas son aprendidas e adquiridas polas mulleres a través dun proceso individual e social moi complexo. Desta maneira afirma xa en 1949: “Unha non nace, senón que se fai muller”.⁽¹⁾

O xénero é unha construción simbólica, construída sobre datos biolóxicos de diferenzas sexuais. Isto da como resultado a produción binaria de normas culturais sobre o comportamento dos homes e das mulleres moderado pola complexa interacción dun amplo espectro de institucións económicas, sociais, políticas e relixiosas.

Scott define o xénero como un elemento constitutivo das relacións sociais baseadas nas diferenzas que distinguen os sexos e o xénero, é unha forma primaria de relacións significantes de poder.⁽²⁾

Butler, dende unha perspectiva filosófica, segue a corrente de De Beauvoir, definindo o xénero como unha maneira de vivir nun corpo no mundo. Desta maneira denuncia o problema da restrición de liberdade que implica a actual normativa de xénero. “Existir no propio corpo convertese nunha forma persoal de asumir, acatar e interpretar as normas de xénero recibidas”.⁽²⁾

Agora ben, de que maneira afectan todas estas definicións e concepcións de xénero á sociedade?

Si ben é certo que non toda a sociedade está construída ao redor da concepción de xénero, moitas das desigualdades presentes na sociedade articúlense a partir da idea do mesmo.

Xa que, é a partir de todas estas diferenciacións cando se comezan a esperar certas actitudes e aptitudes, comportamentos e aparencias físicas dependendo do sexo da persoa. Deste modo créanse os estereotipos de xénero, roles dunha persoa en función do seu sexo, establecendo metas e expectativas sociais tanto do home como da muller.

Xunto co nacemento destes estereotipos de xénero xorden tamén unha serie de desigualdades atribuídas os mesmos, onde a muller remata sendo a principal vítima. A máxima desta desigualdades reside na violencia de xénero.

Dita violencia constata unha das violacións máis lonxevas, estendidas e devastadoras dos Dereitos Humanos, menoscabando tanto o seu desfrute como o das liberdades fundamentais.⁽³⁾ É un obstáculo para conseguir os obxectivos de igualdade, desenrolo e paz. Sen embargo, a súa vez, foi unha das menos denunciadas ó longo da historia, non só pola impunidade do agresor en canto a repercusións xudiciais e sociais, senón polo silencio, a estigmatización e o medo das vítimas.⁽⁴⁾

Xa no ano 1983, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas emite A Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller, recoñecendo a imperiosa necesidade dunha protección e aplicación universal á muller dos dereitos e principios relacionados coa igualdade, seguridade, integridade e dignidade de todos os seres humanos.⁽⁵⁾

En dita Declaración defínese a violencia contra a muller como “todo acto de violencia de xénero que resulte ou poda ter como resultado un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación de liberdade, tanto si se producen na vida pública ou privada”.⁽⁵⁾

Dende o marco legislativo nacional enténdese esta violencia coma unha manifestación da discriminación e das relacións desiguais de poder entre mulleres e homes que son ou foron cónxuxes ou de aqueles que estiveran ligados por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia. Así

mesmo, comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións a liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria da liberdade.⁽⁶⁾

Sen embargo a lei autonómica galega vai un paso máis alá recoñecendo esta violencia coma “calquera acto violento ou agresión, que poda ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, abarcando as ameazas de ditos actos e a coacción ou privación arbitraria de liberdade, tanto se suceden no ámbito público coma na vida familiar ou privada”.⁽⁷⁾

Ademais, na mesma lei, distínguense distintos tipos de violencia de xénero:

- Violencia física: todo acto de forza contra o corpo da muller que teña como resultado ou poda ter unha lesión física ou dano.
- Violencia psicolóxica: calquera comportamento, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, mediante ameazas, humillacións ou vexacións, exixencias de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións no seu ámbito de liberdade.
- Violencia económica: refírese á privación intencionada e non xustificada legalmente de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos. Tamén da discriminación na disposición de recursos compartidos no seo da convivencia de parella.
- Violencia sexual e abusos sexuais: calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor e non consentida pola muller, incluíndo a imposición, mediante a forza ou a intimidación, de relacións ou abusos sexuais non consentidos.
- Acoso sexual: comportamentos conscientes na petición de favores de natureza sexual, para un mesmo ou para unha terceira persoa, tendo o suxeito activo unha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, cun anuncio expreso ou tácito de causarlle

algún mal á muller relacionado co ámbito de dita relación, baixo a promesa dunha recompensa ou premio no mesmo.

- A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.
- Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que dane ou que poda afectar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.⁽⁷⁾

1.2. Violencia sexual

Como se reflexa no título do estudo, o presente traballo céntrase, de entre todos os tipos de violencia machista, na violencia sexual. Dita violencia xa foi definida pola Organización Mundial da Saúde (OMS) en 2003 como “todo acto sexual, a tentativa de consumir un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexadas, ou as accións para comercializar ou empregar outro modo de sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa independente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo”.⁽⁸⁾

Puntualiza, ademais, as diferentes maneiras de coacción, indo dende o uso de forza ata as ameazas de calquera tipo, pasando pola intimidación psicolóxica, a presión social ou a extorsión. Tamén ten en conta a presenza da violencia sexual no caso de que a vítima non estea en condicións de dar o seu consentimento, como por exemplo que a persoa se atope baixo os efectos dalgunha droga, estea durmida ou presente diversidade funcional.

Dita violencia lévase a cabo en múltiples contextos, entre os cales poden atoparse:

- Violación no matrimonio ou en citas amorosas.
- Violación por descoñecidos ou coñecidos
- Insinuacións sexuais non desexadas ou acoso sexual.
- Violacións sistemáticas ou escravitude sexual en conflitos armados.
- Abuso sexual de persoas con diversidade funcional.
- Violación e abuso sexual de nenos.

- Matrimonio ou cohabitación forzados.⁽⁸⁾

Levando a mirada o Código Penal Español, considérase relevante analizar os cambios que se experimentaron nesta materia dende o ano 1944. Entón a lexislación, enmarcada nun contexto franquista onde non existía a liberdade sexual, entendía a violación como un delito contra a honestidade, e dicir, contra a decencia e a honradez, que só podía ser cometido por homes contra mulleres. Así mesmo, só se contemplaba o xacemento conseguido por determinadas vías, como a forza, a intimidación ou levado a cabo cunha muller privada de sentido ou razón, ou o levado a cabo cunha muller menor de 12 anos, xa que era a idade onde se adquiría a maioría de idade sexual.⁽⁹⁾

Na lei entendíase por xacemento, única e exclusivamente o acceso carnal; dito de outra maneira, o coito vaxinal heterosexual. Deixando desta forma fora da lei a penetración anal ou bucal.⁽⁹⁾

Contempla tamén os abusos deshonestos, entendidos como calquera conducta que non fora penetración vaxinal heterosexual e cometidos contra ambos sexos.⁽⁹⁾

Neste punto, obsérvanse dúas ideas importantes. En primeiro lugar, a ideoloxía falocéntrica da lei, onde entende en todo momento a sexualidade das mulleres como algo pasivo reducíndoa case por completo a unha sexualidade vaxinal. E, en segundo lugar, considera e perpetúa o comportamento sexual sen atender aos medios, e dicir, deixando ao marxe a intensidade do ataque á liberdade de decisión da vítima.

A partir do ano 1989, comézase a levar a cabo un cambio de paradigma o cal se caracteriza maioritariamente polos seguintes puntos:

- Abandonase o concepto da honestidade como ben xurídico, e tal e como se recolle no artigo 338 bis da lei orgánica 3/1989, substitúese por liberdade sexual.
- Recóllese, por primeira vez, a penetración anal e bucal e a introdución de obxectos. Dita introdución de obxectos, en 1995,

penábase por calquera vía, no 1999 cambia a ser penada só si se realiza por vía vaxinal ou anal.

- Incorpórase en 1999 o concepto de indemnidade sexual; se a persoa e menor de idade ou presenta diversidade funcional que precise dunha especial protección aplícase a indemnidade sexual.
- Dende o 2003, a lei fai distincións entre membros e obxectos.
- A agresión sexual límitase ao atentado realizado con violencia e intimidación, excluindo os casos nos que a persoa este privada de sentido ou conciencia.⁽¹⁰⁾

Na regulación vixente actual están definidas, por un lado, as agresións sexuais como todo acto que atente contra a liberdade sexual doutra persoa empregando a violencia ou a intimidación. E por outro lado, os abusos sexuais como aqueles actos que, sen violencia ou intimidación e sen que medio o consentimento, atenten contra a liberdade sexual da persoa.⁽⁶⁾

En relación os datos existentes, por unha banda e a nivel mundial, atópanse os publicados nun informe da OMS en 2013, no que estima que o 35% de todas as mulleres do mundo foron ou son vítimas de violencia física e/ou sexual. Na súa maior parte trátanse de casos de violencia conxugal (30%) e ata o 7% das mulleres a nivel mundial foron agredidas por unha persoa que non era a súa parella.⁽¹¹⁾

Por outra banda, de maneira máis concreta, realízase un análise dos datos do anuario estatístico do Ministerio do Interior onde se observa que dende o ano 2013 comeza a darse un aumento no rexistro deste tipo de delitos no noso país. Pasando así de 1.239 agresións sexuais con penetración en 2014 a 1.700 en 2018, e de 7.218 delitos contra a liberdade e indemnidade sexual en 2013 a 10.922 en 2018.⁽¹²⁾

Esclárese que o total das infraccións relacionadas contra a liberdade sexual coñecidas pola policía supoñen a cifra de 13.782. Nesta cifra están recollidas a agresión sexual con penetración (1.700), corrupción con menores ou persoas con diversidade funcional (268), pornografía de menores (892) e outros contra a liberdade/indemnidade sexual (10922).

Destes, esclarecéronse 10.674 casos e remataron en detencións ou sendo investigados 8.288.⁽¹²⁾

De todos estes feitos, a maioría foron cometidos na propia vivenda da vítima ou en anexos a mesma, evidenciando que nun gran número de ocasións o propio fogar é un espazo perigoso para as mulleres.⁽¹²⁾

Pero son reais estes datos sobre a violencia sexual?

Existe unha gran cifra negra de mulleres que foron vítimas desta violencia a cal se descoñece, probablemente porque nunca chegaron a presentar unha denuncia, pode que non chegaran a contarlle a ninguén en ningún momento ou mesmo nin sequera son conscientes de que foron vítimas de tal situación.

Os cuestionario de vitimización abertos a poboación xeral achegan información máis realista sobre a cantidade de mulleres que sufriron algún tipo de violencia sexual ó longo da súa vida, ademais de ter en conta un maior abanico de situacións.

Este é o caso do estudo titulado "Que se sepa", publicado o 8 de marzo de 2020 sobre violencias sexuais, levado a cabo dende unha perspectiva de xénero, incluíndo diferentes contextos, coma o virtual, abrindo deste xeito o abanico das diferentes formas de violencia sexual que poden existir, e empregando as redes sociais como medio de difusión. Nel, recóllense os datos de 479.360 mulleres españolas.⁽¹³⁾

Táboa I. Datos da enquisa. Elaboración propia. Fonte: Que se sepa. El macrocuestionario sobre violencias sexual

Sentiron medo a que lles fixeran dano durante unha cita	27,90%
Accederon a manter relacións sexuais por medo as repercusións	35,20%
Tras a insistencia a manter relacións sexuais, sentíronse incómodas ou forzadas	51,90%
Tocáronas, masturbáronas ou penetráronas mentres durmían	14,40%
Realizáronlles algunha práctica sexual non consentida previamente	22,10%
Pediron que pararan durante unha relación sexual e non o fixeron	20,30%
O compañeiro sexual retirou o preservativo durante a penetración sen consentimento	8,70%
Mantiveron relacións sexuais con elas aproveitando que estaban baixo o efecto do alcohol ou outra droga	17,80%
Enviáronlles fotos/vídeos de xenitais sen queres recibilas	40,50%
Foron tocadas ou bicadas nun espazo público sen consentimento	66,10%
Masturbáronse cerca delas	45,10%
Descoñecidos dixéronlles cousas obscenas ou "piropos" pola rúa	96,50%

Como se pode comprobar, cando se amplía a mirada en termos de violencia sexual obsérvase que o porcentaxe de mulleres vítimas dispárase; por exemplo as vítimas de violencias dixitais xiran en torno o 41% e no caso de violencias no espazo público chegan ata o 91%. Desta maneira evidénciase que se está a subestimar o número de vítimas e a magnitude do problema.⁽¹³⁾

Ademais, considérase relevante destacar que o 97,6% das mulleres que responderon este cuestionario, dixeron que si a algunhas das

preguntas. Faise evidente a importancia de incorporar ó imaxinario común estes distintos tipos de violencias co fin de facelas visibles e erradicalas.⁽¹³⁾

1.3. Terapia ocupacional e violencia sexual

A Federación mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) define a práctica como “unha profesión que se ocupa da promoción da Saúde e o Benestar a través da ocupación, tendo como principal obxectivo capacitar as persoas para participar nas actividades da vida diaria”.⁽¹⁴⁾

Así mesmo entende ós profesionais como axentes activos coa responsabilidade de esquematizar e desenrolar o coñecemento, identificando barreiras e inxustizas ocupacionais co fin de apoiar e aumentar a participación traballando con persoas, grupos, comunidades e sociedades.⁽¹⁴⁾

Segundo a OMS, a saúde non só depende de causas médicas, senón doutros moitos factores. Estes factores son os determinantes da saúde definidos como circunstancias nas que as persoas nacen, crecen, viven, traballan e envellecen; circunstancias resultantes da distribución desigual do diñeiro, o poder e os recursos. Dentro destes determinantes inclúese o xénero, entendendo todas as normas, expectativas e funcións sociais que aumentan a vulnerabilidade fronte os risco para a saúde, así como a promoción da mesma, converténdose nun dos principais determinantes sociais e das inquietudes sanitarias.⁽¹⁵⁾

Ademais, na Carta de Ottawa destácase a importancia de que os responsables da promoción da saúde teñan presente o principio de igualdade de xénero; xa que a saúde créase e lévase a cabo no marco da vida cotiá.⁽¹⁶⁾

Neste punto, faise evidente a necesidade de abordar o tema dende a práctica da Terapia Ocupacional, como profesión promotora da saúde. Esta posúe un concepto denominado Apartheid Ocupacional; situación na que

algunhas persoas ven restrinxidas oportunidades de participar en certas ocupacións por motivos como o xénero, a raza, a idade, a relixión ou situación socioeconómica.⁽¹⁷⁾

No caso da violencia de xénero en xeral, e na violencia sexual en particular, o Apartheid Ocupacional é xerado non só polo agresor, senón polo conxunto da sociedade machista, limitando a participación da muller e os espazos onde levala a cabo. Macionis y Plummer defínena como unha inxusta distribución que determina a xerarquía da sociedade, persistindo ó longo das xeracións e afectando as crenzas das persoas. Enténdena como unha característica universal, pero variable, polo que é necesario combater esta violencia mediante a loita e a conciencia tanto social coma institucional, incorporando ó traballo a perspectiva de xénero, co fin de erradicala traballando en equipo.⁽¹⁸⁾

Tras realizar unha procura bibliográfica a literatura científica mostra que hai un interese crecente por temas de xénero, sobre todo dende o ano 2004, por unha mirada feminista dende a disciplina, por ter presente o xénero como determinante da saúde, ademais da importancia de levar a cabo unha intervención baseada en dereitos humanos e na xustiza social e ocupacional.⁽¹⁹⁾

Case a totalidade de artigos relacionan a Terapia Ocupacional coa violencia de xénero en xeral; estes artigos son maioritariamente estudos de investigación, de metodoloxía cualitativa e fenomenolóxica, procedentes do ámbito universitario de Estados Unidos.⁽¹⁹⁾

Non obstante, non se atopou evidencia que relacione directamente Terapia Ocupacional con violencia sexual polo que o presente estudo pretende levar a cabo unha investigación onde se faga evidente a necesidade de abordar dita violencia dende a práctica, dando voz as superviventes, escoitando as súas vivencias e entendendo as súas experiencias e puntos de vista en relación a este proceso vital.

2. PREGUNTA E OBXECTIVOS DO ESTUDO

2.1. Pregunta de investigación

Despois de revisar a bibliografía existente sobre o tema de estudo e reflexionar sobre o mesmo, determinase a necesidade de investigar sobre a influencia da violencia sexual sobre as mulleres superviventes á mesma na súa vida cotiá. Deste xeito, xorde a seguinte pregunta de investigación:

¿Cal é o impacto ocupacional nas vidas das mulleres superviventes de violencia sexual?

2.2. Obxectivo xeral

Indagar sobre o impacto ocupacional que sofren as mulleres superviventes de violencia sexual

2.3. Obxectivos específicos

- Afondar nas historias de vida das superviventes de violencia sexual.
- Descubrir o significado que lle outorgan a esta situación vital.
- Coñecer como a violencia sexual afectou a súa vida cotiá.

3. METODOLOXÍA

Tras concretar os obxectivos do estudo, tanto o xeral como os específicos, levouse a cabo o proceso de investigación no que se procurou dar respostas a todas aquelas preguntas propostas á hora de comezar o traballo.

3.1. Tipo de estudo

O presente traballo seguiu unha metodoloxía de tipo cualitativo. Desta maneira, foi posible explorar as experiencias e historias das participantes, permitindo interpretar os resultados a partir dos significados que as propias participantes lles outorgan. referencia

Dentro da mesma, empregouse o método biográfico, o cal permite realizar unha investigación descritiva onde o que adquire maior importancia é o relato narrado pola participante.⁽²⁰⁾

O seu obxectivo é coñecer a realidade dun aspecto concreto da vida da persoa mediante as súas propias palabras, procurando entender a súa perspectiva ou os significados que atribúe a esa vivencia.⁽²⁰⁾

Pero isto non significa achegarnos o individualismo. Este método permite principalmente dúas cousas: coñecer os significados e os contextos de significados do individual en tanto parte do social, e indagar estruturas e normas sociais. Pois tal e como o define George Mead, a persoa non fala do íntimo como a súa sensación, senón do seu 'meu' social. É dicir, "a historia de vida é a contracción do social no individual, do nomotético no idiográfico". No relato aparecen de maneira inherente as vivencias subxectivas da sociedade en xeral, pois unha sociedade so pode existir nos seus membros, doutro xeito non existe en absoluto.⁽²¹⁾

Desta maneira empregase a historia individual como historia social, partindo do singular ao universal, buscando o obxectivo dende o subxectivo, descubriendo o xeneral mediante o particular.⁽²¹⁾

Neste sentido, e segundo Ferrarotti, a sociedade está en cada persoa, só fai falla descubri-la. A historia de vida permite, deste xeito, abordar todo un enfoque epistemolóxico para o estudo de realidades sociais, non só como método propio senón dende unha maneira autónoma de investigar, cos seus propios fundamentos teóricos e modos de conducir a produción de coñecemento.⁽²¹⁾

3.2. Fases do estudo

O traballo desenrolouse tal e como se detalla na táboa II, tendo lugar dende o mes de outubro de 2019 ata o mes de xuño de 2020.

Táboa II. Fases do estudo

Outubro	Procura bibliográfica e revisión do contido nas seguintes bases de datos para coñecer a información existente en relación o ámbito do estudo: <ul style="list-style-type: none">- Scopus- Dialnet- Lilacs- Web of Science- MEDLINE Para levar a cabo dita procura empregáronse distintas estratexias como palabras clave, descritores MeSH, sinónimos e abreviaturas.
Novembro	
Decembro	Realización da introdución e a metodoloxía
Xaneiro	
Febreiro	Deseño dos guións das entrevistas e os apéndices.
Marzo	Entrada ó campo, selección das participantes e realización
Abril	e transcripción das entrevistas.

Maio	Realización do análise de datos, primeiro as tres investigadoras por separado e despois de maneira conxunta.
Xuño	Redacción da discusión e as conclusións en relación os resultados obtidos no análise.

3.3. **Ámbito de estudo e entrada ó campo**

O traballo levouse a cabo mediante a colaboración das mulleres usuarias dun Centro de Información a Muller da comunidade de Galicia. Dito centro é un servizo gratuíto, que presta asistencia integral de maneira específica a mulleres que sofren violencia de xénero, e de maneira xeral, a calquera muller que se atope nunha situación de vulnerabilidade.

Inicialmente, a directora do centro, actuando como porteira, contactou coas superviventes vía telefónica comentándolles brevemente en que consistía a súa participación. Tras aceptar participar no traballo, realizouse unha avaliación por parte do equipo profesional do centro para asegurar que a súa participación non significaría un prexuízo para ela ou para o seu proceso terapéutico. Tras a aprobación por parte do equipo terapéutico, a investigadora púxose en contacto con elas para explicarlles máis detalladamente a súa contribución e o tema de estudo, e concretar unha cita para a realización da entrevista.

Cabe resaltar que a investigadora estivo realizando as prácticas de longa estancia, concretamente de 450 horas, no dispositivo, polo que xa traballara con dúas das tres participantes durante varias sesións. Desta maneira foi posible forxar unha relación de confianza entre investigadora e participante, onde só se realizou a entrevista no momento en que elas consideraron que sentían suficientemente cómodas e arroupadas para levala a cabo.

En relación coa terceira participante, estívoise entabando relación durante semanas previas, facendo seguimentos periódicos, ata que a participante se sentiu cómoda e preparada para realizar a entrevista.

3.4. Poboación de estudo

O estudo estivo dirixido a mulleres maiores de 18 anos, que viviran situacións de violencia sexual en algún momento da súa vida adulta.

3.4.1. Criterios de selección

Na seguinte Táboa III atópanse os criterios de inclusión e exclusión que se tiveron en conta á hora de seleccionar as participantes do estudo.

Táboa III. Criterios de inclusión e exclusión das participantes.

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Ser maior de 18 anos	Presencia de algunha situación que dificulte a realización da entrevista
Ter vivido unha situación de violencia sexual	Que o equipo terapéutico do centro, tras realizar unha avaliación, determine que a súa participación no estudo será prexudicial.

3.4.2. Características das participantes

A mostra está composta por tres mulleres cuxa descrición vese recollida na táboa IV, empregando os pseudónimos que elas escolleron para manter o anonimato.

Táboa IV. Datos sociodemográficos das participantes.

	Idade	Profesión	Estudios	Estado civil
Curuxa	45	Cociñeira	Graduado escolar	Casada
Andoriña	24	Estudiante	Graduado escolar	Solteira
Pomba	41	Camareira	Ciclo de formación en Administración e Finanzas	Solteira

3.5. Recollida de datos

Para levar a cabo a recollida de datos, realizáronse dúas entrevistas semiestructuradas, recollidas nos apéndices V e VI, deseñadas en conxunto pola investigadora e as directoras do traballo.

O motivo da realización de dúas entrevistas foi en base as características da situación de violencia vivida polas participantes.

Antes de levar a cabo ditas entrevistas concertouse unha cita, á cal se levou o Documento de información para as participantes (apéndice III), que foi lida de maneira conxunta dando pé a que esta fixera todas as preguntas que considerara oportunas. Con anterioridade xa se levara a cabo un seguimento de cada participante e se lle comentara en que consistía o traballo de investigación. Tras a comprensión do documento anteriormente mencionado sobre as implicacións da súa participación e a aceptación a formar parte da investigación firmouse o consentimento informado (apéndice IV), no que puideron especificar de que maneira querían que foran tramitados os seus datos ó rematar o estudo.

As entrevistas foron gravadas en todo o momento e os datos recollidos foron gardados garantindo a máxima confidencialidade.

Para garantir a confidencialidade, asignóuselle un pseudónimo a cada supervivente. Tras comentalo coas mulleres participantes, decidiuse atribuír a cada unha o nome dun paxaro, en referencia a simboloxía coa liberdade que estes representan, facendo ver que despois do seu longo percorrido e pese as consecuencias que as súas vivencias teñan no seu

día a día, a día de hoxe están liberadas da violencia da que foron protagonistas. Así os nomes escollidos son, en orde da realización das entrevistas: [Curuxa](#), [Andoriña](#) e [Pomba](#)

3.6. Análise dos datos

Tras recoller os relatos, levouse a cabo o análise de datos mediante, fundamentalmente, tres pasos propostos por Geertz:

- Presentar as accións con luxo de detalle, como base para interpretalas
- Atopar os códigos socioculturais dos feitos
- Interpretalos en relación coa teoría.⁽²¹⁾

Este proceso levouse a cabo por medio da triangulación da información entre as tres investigadoras, e dicir, primeiro o análise individual por parte de cada investigadora e posteriormente de maneira conxunta.

A primeira entrevista foi realizada en persoa e as dúas seguintes, debido o estado de alarma, mediante videochamada; en todas estivo presente a porteira.

O contido foi gravado con dispositivo telefónico, contando coa previa autorización das participantes.

Ademais dos datos recollidos na entrevista, tamén se rexistraron unha serie de datos sociodemográficos: idade, profesión, formación, estado civil e lugar de residencia.

De todas maneira, o fin último do método biográfico non é centrarse nos datos, senón na historia de vida, sen buscar nada máis alá do que esta está a comunicar, atopando de fronte os “significados” que constrúen e dan sentido a dita historia.⁽²¹⁾

Centrándonos nos significados, estamos a centrarnos nos complexos culturais; é dicir, prácticas de vida comúns a un grupo determinado, nas que todos e todas participan e constitúen experiencias, calores e representacións sociais idiosincrasias da comunidade. Como dixo Edgar Morin, “trátase, non tanto dun determinismo sociolóxico exterior, senón dunha estruturación interna. A cultura, e, polo camiño da cultura, a sociedade, están no interior do coñecemento humano; o coñecemento está na cultura e a cultura está no coñecemento. Un acto cognitiva individual é ipso facto un fenómeno cultural, e todo elemento do complexo cultural colectivo pode actualizarse nun acto cognitivo individual”.⁽²¹⁾

3.7. Posición da investigadora

O feminismo é un movemento pacífico, social e político que loita contra a intolerancia, os prexuízos e os abusos e que devolve a liberdade e a dignidade ás mulleres.⁽²²⁾ Nel xéranse espazos onde as mulleres se poden sentir seguras compartindo vivencias, experiencias e pensamentos; é un lugar onde se deconstruír, debater, reflexionar e dialogar.⁽¹³⁾ É a partir desta postura da que nace o presente traballo de investigación, pretendendo colaborar con todas as mobilizacións sociais que buscan visibilidade e xustiza para as mulleres que foron vítimas de violencia sexual, ademais doutras moitas violencias.

“A práctica feminista debe tender á transformación das mentalidades que permiten os abusos do poder de xénero” (Francesca Gargallo, 2006).

3.8. Consideracións éticas

Por un lado, para garantir a protección dos dereitos, a seguridade e o benestar das participantes, o estudo realizouse en todo momento baixo as

Normas da Boa Práctica Clínica, asegurando deste xeito a calidade ética e científica do mesmo, dacordo cos principios da Declaración de Helsinki.⁽²³⁾

Ademais, seguiuuse tanto o Regulamento Xeral de Protección de Datos, recollido no Regulamento UE 2016-679 do Parlamento europeo e do Consello do 27 de Abril de 2016, como a normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente, recollida na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais; para, desta maneira asegurar a confidencialidade e a protección de datos das participantes.^(24,25)

Por outro lado, foi a directora e terapeuta ocupacional do centro quen, nun primeiro momento, se encargou de acceder a información persoal das mulleres e solicitar a súa participación no estudo.

A continuación, foi a investigadora quen se puxo en contacto coas mesmas, para concertar unha cita onde se lles proporcionou a folla de información recollida no apéndice III, para que, posteriormente, puideran firmar a folla de consentimento informado (apéndice IV) no caso de que aceptaran participar no estudo. No caso daquelas mulleres que aceptaron participar no estudo, informóuselles da posibilidade de abandonar o mesmo en calquera momento sen ningún tipo de consecuencia.

No que se refire as gravacións das entrevistas, foron eliminadas unha vez transcritas.

4. RESULTADOS

Tras a lectura das entrevistas, lévase a cabo o análise de datos, do cal se extraen principalmente seis 6 categorías: “impacto durante a vida”, “medo”, “soidade”, “perspectiva cultural”, “agresións” e “a mirada da comunidade”.

4.1. Impacto durante a vida

As mulleres coinciden en que as ocupacións, as rutinas, as relacións interpersoais e mesmo a súa saúde vense completamente afectadas tanto ó longo da duración da situación de violencia como despois da mesma.

A violencia na súa vida cotiá percorre un sutil proceso ata o momento no que é naturalizada e rematan por vivila con total normalidade, aceptando que é o que lles toca vivir, así como o resto de múltiples alteracións no seu día a día.

Curuxa: *“Es que para ti eso es una realidad y es lo que te toca vivir.”*

Pomba: *“Hemos aprendido que ese sufrimiento es solo nuestro y tiene que quedar en nosotras.”*

Comentan unha significativa alteración no descanso e no sono, incluso períodos nos que nin sequera durmían no domicilio, que acaban impactando no resto de actividades que realizaban de maneira cotiá. Por exemplo o rendemento nos estudos ou no traballo, chegando a perdelo o que significa unha maior dependencia de terceiros por falta de ingresos propios. Ademais do autocoidado, o coidado de terceiras persoas e a perda do seu círculo social.

Andoriña: *“En mi vida estudiantil, por ejemplo, fui un fracaso porque no era capaz de prestar atención, tenía muchísimas cosas en la cabeza.”*

Pomba: *“Si... Yo dejé de salir con mis amigas. Deje de salir a la calle, de ponerme la ropa que me ponía, de maquillarme, de arreglarme. Me daba igual ir a cortarme el pelo, me daba igual peinarme o no.”*

4.2. Medo

O medo é un dos sentimentos máis característicos e presentes nos testemuños das participantes, sendo un dos determinantes que máis inflúe á hora de tomar a decisión de enfrontar, verbalizar ou denunciar o que están a vivir. Aparece o medo á reacción do agresor ou as consecuencias que os seus actos podan desencadear, como o simple feito de ir tomar un café.

Pomba: *“Pero lo hice porque tenía miedo ¿sabes? Porque sabía que podía haber consecuencias si decía algo.”*

Pomba: *“Iba a tomar un café y tenía que hacerlo a escondidas... Hasta que él se enteraba.”*

Este medo non desaparece e, en todos os casos, prolóngase ata a actualidade. Medo a saír polas noites, medo a coñecer a novas persoas, que se xunta coa desconfianza para formar novos vínculos ou novas relacións interpersoais, medo por elas mesmas e por terceiras persoas, como son familiares, fillas, fillos ou irmás.

Curuxa: *“Pero lo dije en la denuncia y lo sigo diciendo, estoy muerta. En el momento en el que me localice, lo sé.”*

Curuxa: *“Yo venía de vacaciones y lo traía, asique conoce donde viven. Mi madre tiene en la puerta 4 pasadores, vive sola, tiene 70 años...”*

Andoriña: *“Lo que me llevó a tomar la decisión (de denunciar) es que tenía a mi hermana pequeña. Lo cual para mi es intocable y no iba a permitir que le pasara lo mismo.”*

4.3. Soidade

A soidade e o illamento son circunstancias que tamén están moi presentes en todos os relatos. No caso das relacións de violencia de xénero, o propio ciclo de violencia é o responsable do illamento da vítima, facendo que desapareza o circulo social e se sintan soas tanto durante a relación como á hora de intentar saír dela.

Curuxa: *“No tenía circulo social. Vivíamos encerradas en el piso. (...) No teníamos. Cualquier persona... Dios mío, que no se nos ocurriera meter a nadie en casa. Todas éramos putas.”*

Curuxa: *“Y, de hecho, iba a quitar la denuncia, salí del hospital a quitar la denuncia, pero me decían que iba a seguir para delante. Y me vi perdida, asique dije mejor con protección que sin ella.”*

E en xeral, nunca aparece o apoio por parte do seu contorno social, tanto familiar como por parte das amizades, ademais de casos de violencia institucional onde os servizos que deberían habelas protexido e guiado acaban prexulgándoas e abandonándoas.

Andoriña: *“Fue algo que la verdad me costó mucho, más que nada porque en casa nadie me creía.”*

Andoriña: *“Fue duro por la parte de la denuncia ¿no? Por la propia parte de la Guardia Civil, que no encontré ningún apoyo; al contrario, me juzgaron e hicieron ver que era un paripé lo que estaba contando y que no tenía palabra ninguna.”*

Pomba: *“¿Antes de denunciar? No. Y después... Amigos los que tenía aquí pero que no valieron la pena. (...) ¿Amigos? No. ¿Y familiares? Pues tampoco.”*

4.4. Perspectiva cultural

Esta categoría fai referencia á cultura e a educación que envolve as mulleres do estudo, podendo extrapolarla á sociedade en xeral.

En todas aparece unha estrutura familiar patriarcal, facéndose fincapé na educación machista recibida dende pequenas, onde os homes son os que levan a voz protagonista nos fogares e as mulleres, de maneira submisa, acatan o que estes din, representando os roles atribuídos de maneira tradicional a mulleres e homes.

Curuxa: *“Yo me crie con un padre y un hermano, porque soy hija de padres separados, entonces, es triste: soy machista. (...) Fue lo que se me ha inculcado. La mujer hace las camas y los hombres van a trabajar.”*

Levando este tipo de educación é comprensible que ningunha delas se identifique como vítima, xa que teñen normalizada a situación.

Curuxa: *“Yo, ¿cuándo pronunciaron la frase violencia de género? Yo eso no. No, no y no. Vale, me había querido matar, pero no.”*

Incluso nun dos relatos, dentro da mesma familia, xa houbera casos de violencia sexual por parte do mesmo agresor. Isto fai reflexionar sobre o papel do home na familia e o silencio o que están sometidas as mulleres que conviven baixo a súa dominación.

Andoriña: *“Mí madre ya vivió por parte de su padre agresiones sexuales, que luego yo también las sufrí por parte de él, por parte de mi abuelo.”*

Ademais, aparece de maneira recorrente a idea de amor romántico, o cal leva consigo unha serie de mitos e crenzas irracionais como que “o amor pode con todo”, “o amor xustifícao todo” ou “o amor verdadeiro dura para sempre”; fomentando un modelo de conducta imposible de seguir, ocasionando que se xustifiquen e acepten situacións e comportamentos que violentan as mulleres.⁽²⁶⁾

Entendese por amor romántico un amor cativo, fortemente xenerizado onde se espera das mulleres pasividade, coidados e sacrificio, e dos homes sedución, protección e dominancia. Valórase a pertenza e dependencia, pero non de maneira bilateral, só de parte da muller, creando unha importante desigualdade dentro da relación e na expresión de sentimentos.⁽²⁷⁾

Curuxa: *“Cuando me decía: “O eres para mi o no eres para nadie”, yo decía: “Ay mira, cuanto me quiere”.”*

Pomba: *“Se ponía de rodillas, lloraba... que no lo va a volver a hacer más, que fue un error, que no sé qué, que no sé cuánto, que no sabía lo que hacía... Y se lo perdonas.”*

Pomba: *“Si no eres mía no vas a ser de nadie.”*

4.5. Agresións

En primeiro lugar, resulta significativa a maneira na que as mulleres se enfrontan ó tema, intentando non afondar demasiado e desviando a conversación cara outros tipos de violencia que narran sen maior problema. Isto pode relacionarse co sentimento de sucidade o cal está presente en todos os relatos sobre todo referíndose a como se atopaban tras as agresións.

Curuxa: *“Esta parte, quizá, es la más dura de todas.”*

Curuxa: *“Yo aún estoy a tratamiento por cómo me siento después de, por episodio post traumático. Hay cosas que sí, pero hay otras que aún no... No puedo.”*

Pomba: *“Me sentía sucia.”*

Aparece tamén o sentimento de asco cara as relacións sexuais ou, directamente, cara as relacións con homes.

Andoriña: *“Estuve con hombres. Pero llegó un momento en el que yo no era capaz de tener ningún tipo de acercamiento con ellos [...] Se podría decir que les cogí asco.”*

Pomba: *“Me tengo abierto a vómitos, pero me tengo aguantado...”*

En segundo lugar, chama a atención a normalidade coa que se enfrontan as relacións non desexadas, entendendo que non teñen outra opción, buscando na maior parte dos casos seguridade e tranquilidade no domicilio, para elas mesmas e para o resto de persoas que conviven nel.

Pomba: *“Y había veces que tenías que tener relaciones sí o sí, simplemente para que no hubiera problemas ¿Sabes? El hecho de decir: “está contento, voy a dormir tranquila esta noche”, como que ya era una ventaja. (...) ¿Qué si me arrepiento? Bueno, en parte sí y en parte no. Porque... Esos ratos eran la tranquilidad que mis hijos vivían.”*

En terceiro lugar, a parece a submisión e a aceptación do dor durante as relacións, tanto físico como psicolóxico, e a satisfacción do agresor sabendo o dano que está a causar.

Curuxa: *“Haces lo que ellos quieren, como ellos quieren, cuando ellos quieren. Lo conocen como ensañarse a dolor, no como sexo. (...) El sexo era más cuando se cabreaba, cuando ya estaba cabreado y se cansó de machacarte durante todo el día... Todo tipo de vejaciones; hasta cortarte el pelo mientras para verte llorar. (...) Da igual, tú no eres nada. Es que no eres nadie...”*

A dor chega a ser tal, que persiste no tempo de maneira psicolóxica facendo que as vítimas cheguen a autolesionarse da mesma maneira que as agredían as súas ex-parellas.

Curuxa: *“Y lo peor es que continúa, porque luego los cortes te los haces tú, porque el dolor continúa por dentro y necesitas quitártelo de alguna manera.”*

E por último, a recuperación, a cal consta dun largo proceso antes de volver a ter relacións interpersoais e sexuais, facendo referencia a

dificultade para volver a confiar en terceiras persoas, pilar fundamental para manter relacións satisfactorias. Fan referencia tamén a que dito proceso de recuperación é incompleto, falando de secuelas ou baleiro permanente.

Curuxa: *“Siempre te quedarán secuelas. Hay cosas que sí, pero hay otras que aún no... No puedo.”*

Pomba: *“Después de todo, no pude volver a mantener relaciones sexuales hasta hace tres meses. Es duro, pero es que yo tampoco podía antes... No. Lo veía como si fuera él y no podía.”*

4.6. A mirada da comunidade

Neste punto é importante destacar a maneira na que, case de maneira sistemática, a sociedade dubida dos testemuños das mulleres que falan sobre a violencia da que son ou foron vítimas, xustificando en moitos casos os actos do agresor. Isto provoca nelas sentimentos como a culpa axudando a que, xunto co medo, a decisión de saír da relación lles sexa moito máis complicada. Tanto é así que na totalidade dos relatos recollidos ningunha das mulleres denuncia pola súa propia seguridade, senón que acaban denunciando pola seguridade e benestar de terceiras persoas.

Curuxa: *“Yo no hubiese denunciado, jamás. Lo último. Es más siempre le decía: yo no te voy a denunciar. Hasta el momento que atacó a mi hija. Claro, cuando quiso acuchillar a mi hija tuve que llamar tres veces a la policía porque creía que no salíamos vivas. Ni la una ni la otra.”*

Ademais, en moitos casos responsabilízaas da situación, deixando a carga de saír do núcleo de violencia ou de por unha denuncia a elas solas, omitindo o deber cidadán de denunciar ó ser testemuña de calquera situación de violencia.

Curuxa: *“La sociedad no se lo cree, sin más.”*

Andoriña: *“A pesar de que esto evolucione, sigue habiendo “es que se las pedía el cuerpo”, “es que porque tenía que estar a esas horas sola en la calle”.*

(...) Yo he escuchado miles de comentarios de mí misma de decir por ejemplo... Que lo podía haber evitado, que tenía años de sobra...

Pomba: *“En fin... En general no nos sentimos arropadas y escuchadas.”*

5. DISCUSIÓN

O obxectivo deste traballo de investigación foi indagar sobre o impacto ocupacional que sufriron un grupo mulleres superviventes de violencia sexual. Tras o análise e a exposición dos resultados obtidos mediante as entrevistas, lévase a cabo unha serie de comparacións con outras investigacións pertencentes o ámbito da violencia sexual consultadas previamente.

O núcleo familiar é o primeiro lugar onde as nenas e os nenos comezan a experimentar o xénero, sentando as bases da súa educación. Os resultados desta investigación mostran que as participantes medraron nun contexto patriarcal, no seo dunha familia monogámica tradicional; sistema imposto na sociedade, maioritariamente ás mulleres, facendo que perdan moitas das súas liberdades; entre elas a da sexualidade.⁽²⁸⁾ Pode que este sexa o xustificante da maneira na que se enfrontaron as situación de violencia, repetindo os patróns que levan interiorizados dende a infancia. Nun artigo sobre a autoinculpación das mulleres en situación de maltrato demostrase a influencia que estes patróns e experiencias infantís contribúen na idade adulta a reproducir relacións de parella nas que haxa maltrato e rematen sendo as mulleres as que se culpabilicen do mesmo.⁽²⁹⁾

Súmase a este feito, a idea de amor romántico, tamén presente noutros estudos como “Vivencias das mulleres sobreviventes da violencia de xénero. Participación na comunidade” no que se vincula, ao igual que nesta investigación, a relación que existe entre a crenza destes mitos e a permanencia en relacións abusivas, xustificando unha e outra vez a violencia exercida polos agresores.⁽³⁰⁾ Esta xustificación aparece tamén noutra investigación enfocada a violencia de xénero no contorno rural, onde as participantes escusaban as agresións das súas parellas.⁽³¹⁾ Neste punto, é posible deducir que dita xustificación sistemática por parte das vítimas, xunto co illamento e o medo cara os agresores, é un dos factores máis relevantes que fan que apareza o silencio destas mulleres, presente nos

resultados desta investigación, facendo que as denuncias interpostas non demostren a realidade das agresións na nosa sociedade.⁽³²⁾

Tamén se observa como a sociedade, de maneira xeral, desvaloriza á muller baseándose en conceptos estereotipados, como que a agresión é provocada polo comportamento da vítima, minimizando ou xustificando a violencia sexual.⁽²⁸⁾ Na categoría desta investigación “A mirada da comunidade” observase como case de maneira sistemática, o contorno das mulleres dubida dos seus testemuños, xustificando os actos do agresor. Este illamento social aparece en outros estudos como o xa mencionado sobre as vivencias das mulleres superviventes da violencia de xénero, no que se corrobora que as situación de violencia levan as mulleres a deixar de relacionarse co seu contorno habitual.⁽³⁰⁾ As participantes desta investigación manifestaron que cando o círculo social, tanto de familiares como de amizades, foi consciente das circunstancias polas que estaban a pasar afastáronse delas; non se sabe se por rexeitamento da propia situación ou por non saber como xestionala. Ademais, estes mesmos patróns socioculturais son os que impactan na realidade das mulleres, intentando buscar xustificacións as agresións, sumando á situación traumática sentimentos de culpa, vergoña e responsabilidade. Pola contra, noutro estudo observase que a familia das mulleres foi un dos apoios máis importantes á hora de saír da relación de violencia.⁽³¹⁾

En relación á saída da relación e a interposición da denuncia, tal e como o se mostra nos resultados, o obxectivo de denunciar ou simplemente falar do que está a ocorrer non é en ningún caso conseguir que o agresor reciba un castigo senón manter a seguridade de terceiras persoas ou previr que outras mulleres vivan futuras situacións similares. Cando isto sucede, en algunhas ocasións, as mulleres participantes indican que as institucións ou organismos que deberían protexelas e atendelas reflexan unha vez máis os valores mencionados anteriormente, envorcando sobre as mulleres estigmas e prexuízos, o que remata xerando unha revitimización.⁽³²⁾ Un estudo da Delegación do Goberno sobre o tempo que tardan as mulleres

vítimas de violencia de xénero en verbalizar a súa situación reflexa datos como as razóns polas que as mulleres postergaban o tempo para verbalizar ou denunciar o que estaba a ocorrer; a resposta con maior porcentaxe foi a de “medo ó agresor”, o que lles impediou actuar antes. En segundo lugar estaba o pensamento de que “podían resolvelo soas” e, en terceiro lugar “porque (unha vez máis) non se recoñecían como vítimas”. Ademais, os testemuños das participantes fan referencia, ao igual que dito estudo, ós sentimentos de culpa e responsabilidade das mulleres pola situación vivida. Aparecen tamén, ao igual que manifestan as participantes, sentimentos de vergoña, descoñecemento hacia o proceso policial e xudicial e a falta de apoio familiar e social.⁽³³⁾

Atopase evidencia tamén das dificultades que supón enfrontarse a vida durante e despois da situación de violencia. Segundo un estudio de Javaherian, as áreas que presentan máis complicacións para ser levadas con normalidade son as actividades instrumentais da vida diaria, resaltando a xestión da saúde; o ocio, a educación ou o traballo e a participación social. Nesta última área destacan sobre todo a relación coa familia e a participación activa na comunidade.⁽³⁴⁾ Isto vese reflexado tamén nos resultados desta investigación, onde as participantes tamén manifestaban importantes alteracións na súa vida cotiá en relación co traballo e a educación, o autocoidado, o coidado de terceiras persoas e a participación na comunidade, ademais de alteracións na área de descanso e sono.

Da mesma maneira un estudo de Alicia Cortejarena fai referencia as complicacións que presentan as participantes para volver a manter relacións tanto interpersoais como sexuais. Isto vese apoiado por dito estudo onde se observa que incluso algunhas mulleres comentan que durante as relacións que tiveron posteriormente, con outra parella sexual, apareceron sentimentos non pracenteiros acompañados de recordos vividos durante o evento traumático.⁽³²⁾

Así mesmo, na introdución do traballo fíxose referencia a múltiples consecuencias que podían aparecer tras a violencia sexual, como son os problemas de saúde mental. De feito unha das participantes manifestaba estar a tratamento por Trastorno por Estrés Postraumático. Un estudo realizado en México cunha mostra de 345 mulleres vítimas de violencia sexual que asisten a un servizo de saúde mental reflicta a incidencia casos de depresión, ideación ou intentos autolíticos, ademais dun maior consumo de psicofármacos, sustancias como a marihuana, que outros grupos.⁽³⁵⁾ Outro estudo no que se leva a cabo unha comparación entre mulleres que sufriron violencia tanto física como sexual e mulleres que no, evidencia que no primeiro grupo hai un maior número de casos con síntomas pertencentes á depresión, unha saúde deficiente, unha participación social limitada e unha menor confianza no seu contorno social.⁽³⁶⁾

En relación a isto, outro estudo tamén vincula a violencia sexual con unha maior probabilidade de realizar intentos autolíticos.⁽³⁷⁾ Nos resultados desta investigación non se recollen datos sobre o tema, pero si o testemuño dunha supervivente a cerca das autolesións que se realizaba tras saír da relación.

De maneira máis concreta á violencia sexual, as violacións, de maneira histórica, sempre se intentaron explicar como un problema de natureza sexual, onde o home precisaba satisfacer os seus impulsos. É un acto no que se fai evidente a necesidade do home de impoñer o seu poder e perpetuar a situación de desigualdade entre mulleres e homes, froito da socialización onde se considera que un sexo é inferior e máis débil que o outro.⁽²⁸⁾ Foi así como o reflexaron as mulleres no seus relatos, manifestando a brutalidade a que foran sometidas durante as relacións sexuais cos seus agresores, comentando en varias ocasións a repulsión e o dor que sentían tanto mentres tiñan lugar as agresión e como despois.

Estas situacións de abuso actúan en relación a factores sociais, psicolóxicos e culturais, facendo que as mulleres non se vexan nas

mesmas condicións de tomar decisións sobre cando ou como ter relacións sociais. Tal e como o manifestaron as participantes, sentíanse obrigadas a facer o que as súas parellas querían, como e cando querían soportando todo tipo de prácticas e vexacións durante a relación sexual. Estes testemuños coinciden co estudo de Campbell onde as mulleres relataron múltiples humillacións verbais durante as relacións sexuais e incluso prácticas de risco onde o agresor rexeite o uso de condóns ou métodos anticonceptivos deixando as mulleres expostas a enfermidades de transmisión sexual ou embarazos non desexados.⁽³⁸⁾

Por último, considerase importante destacar as principais limitacións do estudo, así como as posibles futuras liñas de investigación.

En relación as limitacións do estudo, cabe destacar o reducido tamaño da mostra, tres participantes. Sen embargo, é importante ter en conta que nesta metodoloxía prima a calidade da información fronte a representatividade da mostra. Ademais, o carácter especialmente vulnerable da poboación, dificulta o acceso a esta e á recollida de información polo que é posible que a pesar da confianza coa investigadora se perdesen información.

Como futuras liñas de investigación está a posibilidade de reproducir este mesmo traballo cunha poboación de mulleres máis ampla e variada. Tamén se poderían recoller testemuños doutros perfís de informantes, como da familia das superviventes ou do equipo de traballo do servizo. Así mesmo, sería interesante empregar outro tipo de técnicas de recollida de datos como unha ferramenta estandarizada que recolla información específica sobre as consecuencias de sufrir violencia sexual na saúde.

6. CONCLUSIÓNS

Actualmente, a violencia de xénero segue sendo unha realidade moi presente nas nosas comunidades. Baixo unha sociedade patriarcal que impregna todos os sistemas que a conforman como a sanidade, a xustiza, ou a educación, as mulleres quedan completamente desprotexidas.

Esta inclúe moitos outros tipos de violencia en contra das mulleres, unha das máis silenciadas é a violencia sexual. Unha violencia que posúe unha gran dicotomía: as mulleres que a sofren, e a sociedade en xeral, téñena completamente normalizada, pero sen embargo segue sendo un tabú falar dela.

Este traballo tiña como obxectivo indagar sobre o impacto ocupacional que sofren as mulleres superviventes de violencia sexual, pero tamén ofrecer un espazo de confianza dende o cal as mulleres puideran ter voz para falar libremente das súas experiencias, ademais de facer visibles todas aquelas clases de violencia sexual existentes.

Nos resultados da investigación pódese observar o xeito no que a violencia sexual impacta de maneira destrutiva na vida das mulleres, alterando completamente o seu día a día, provocando desequilibrio ocupacional, afectando directamente a súa participación activa na comunidade e causando consecuencias na súa saúde.

É importante que a Terapia Ocupacional leve a cabo unha práctica dende a perspectiva feminista, baseada nos Dereitos Humanos e na Xustiza Social e Ocupacional. É responsabilidade das terapeutas ocupacionais ofrecer oportunidades de participación na comunidade e empoderar, en concreto, as mulleres superviventes da violencia sexual, e en xeral, a calquera muller que se atope nunha situación de vulnerabilidade.

7. AGRADECIMENTOS

As miñas titoras, Natalia e Nereida, pola confianza depositada en min, polas ensinanzas (non só universitarias), polos ánimos, o cariño e o esforzo posto neste traballo. Pola dedicación á práctica e ó feminismo; por ser un exemplo a seguir.

A miña familia terapéutica, por acompañarme nesta viaxe, sendo cómplices de risas e aventuras; por deixarme aprender de vos cada día.

A mamá e papá, por educarme en valores e por darme as ferramentas, a liberdade e a confianza en min mesma para chegar ata aquí; todo o que son é por vos.

As miñas amigas, por estar sempre e deixarme claro que o seguiredes estando, por seguir medrando xuntas, apoiándonos e facéndonos felices toda a vida.

A miña estrela do ceo, por todo o que me ensinaches, por guiarme en cada paso que dou e non deixarme soa.

A Curuxa, a Andoriña e a Pomba, por ter a valentía e a xenerosidade de compartir as vosas vivencias comigo, non podo expresar con palabras todo o que me fixéchedes sentir; espero que este traballo estea a vosa altura.

A todas as mulleres que loitan dende o pacifismo e a sororidade por un mundo sen discriminación, desigualdade e violencia; a todas as que berrades para darlle voz as que non a teñen.

A todas e todos; grazas.

“Que no se os olvide que esta manada aúlla más fuerte que la vuestra”

Alejandra Martínez de Miguel

8. BIBLIOGRAFÍA

1. De Beauvoir S. El segundo sexo. Madrid, España: Cátedra; 2005.
2. Lamas M. El Género. La construcción cultural de la diferencia sexual. México: Puegporrúa; 2013.
3. Boletín Oficial del Estado. Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal. 23 Noviembre 1995:203.
4. Organización Mundial de la Salud. Violencia contra la mujer. Fortalecer la respuesta sanitaria en tiempos de crisis. 23 Noviembre 2018. (Consultado 14/12/2019). Disponible en: <https://www.who.int/es/news-room/feature-stories/detail/violence-against-women>
5. Unidas N. Declaración sobre la eliminación de la violencia contra la mujer. 20 Diciembre 1993. (Consultado 14/12/2019). Disponible en: <https://www.ohchr.org/sp/professionalinterest/pages/violenceagainstwomen.aspx>
6. Boletín Oficial del Estado. Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. 28 Diciembre 2004:53.
7. Boletín Oficial del Estado. Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género. 27 Julio 2007:24.
8. Organización Mundial de la Salud. Comprender y abordar la violencia contra las mujeres. Violencia sexual. 2013. (Consultado 14/12/2019). Disponible en: https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/98821/WHO_RHR_12.37_spa.pdf?sequence=1
9. Boletín Oficial del Estado. Decreto de 23 de diciembre de 1944 por el que se aprueba y promulga el Código Penal, texto refundido de 1944.

23 Diciembre 1944:46.

10. Patricia D, Cabana F. Razones para una reforma del delito de violación en España 2019:1–27.
11. Organización Mundial de la Salud. Informe de la OMS destaca que la violencia contra la mujer es “un problema de salud global de proporciones epidémicas.” WHO 2013. Consultado (28/12/2019). Disponible en: https://www.who.int/mediacentre/news/releases/2013/violence_against_women_20130620/es/#:~:text=OMS%20%7C%20Informe%20de%20la%20OMS,salud%20global%20de%20proporciones%20epid%C3%A9micas%E2%80%9D&text=Although%20%25%20of%20the%20population,underserved%20by%20the%20healthcare%20system.
12. Ministerio del Interior. Gobierno de España. Anuario estadístico del ministerio del interior 2018. Madrid, España: 2018.
13. Cillán M, Díaz J, García H, Giménez S, Rincón L. Que se sepa. Barcelona: 2020.
14. World Federation of Occupational Therapists | WFOT n.d. (Consultado 08/01/2020). Disponible en: <https://www.wfot.org/>
15. Organización Mundial de la Salud. Determinantes sociales de la salud 2005. (Consultado 08/01/2020). Disponible en: https://www.who.int/social_determinants/es/
16. Organización Mundial de la Salud, Ministerio de Salud y Bienestar Social de Canadá, Asociación Canadiense de Salud Pública. Carta de Ottawa para la promoción de la salud. 1986.
17. Durocher E, Gibson BE, Rappolt S. Occupational justice: A conceptual review. J Occup Sci 2014;21:418–30. DOI 10.1080/14427591.2013.775692.
18. Simó Algado S, Kronenberg F, Pollard N, Werner D, Sinclair K.

- Terapia ocupacional sin fronteras: aprendiendo del espíritu de supervivientes. Médica Panamericana; 2006.
19. Varela Molina E. Violencia de xénero e Terapia Ocupacional: unha revisión bibliográfica. A Coruña: 2016. (Consultado 07/04/2020) Disponible en: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/19199/VarelaMolina_Elena_TFG_2017.pdf?sequence=2&isAllowed=y
 20. Amezcua M, Hueso Montoro C. Como elaborar un relato biográfico. Arch Mem [En Línea] 2004:1–6. (Consultado 20/01/2020). Disponible en: <http://www.index-f.com/memoria/metodologia.php>
 21. Mallimaci F, Giménez Béliveau V. Historia de vida y métodos biográficos. Estrategias Investig Cual 2006:175–208. (Consultado 20/01/2020) Disponible en: <http://jbposgrado.org/icuali/M%E9todo%20biogr%E1fico.pdf>
 22. Varela N, Santolaya A. Feminismo para principiantes. Madrid: B de Bolsillo; 2019.
 23. Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios. Normas de Buena Práctica Clínica 2002:1–57.
 24. El Parlamento Europeo y el Consejo de la Unión Europea. Reglamento (UE) 2016/679 del parlamento europeo y del consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la D. D Of La Unión Eur 2016;2014:1–88.
 25. Boletín Oficial del Estado. Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. 5 Diciembre 2018:70. DOI BOE-A-2012-5403.
 26. Caro garcía C, Monreal Gimeno MC. Creencias del amor romántico y violencia de género. Int J Dev Educ Psychol 2017;2:47–56. DOI

- 10.17060/ijodaep.2017.n1.v2.917.
27. Ferrer Pérez Esperanza Bosch Fiol V. Del amor romántico a la violencia de Género. Para una coeducación emocional en la agenda educativa. Rev Currículum y Form Del Profr 2013;17:122. (Consultado 26/05/2020). Disponible en: <http://www.ugr.es/~recfpro/rev171ART7.pdf>
28. Torres Herrera PSS, Delgado Vejar DN. La Naturalización del Machismo a través de la Familia. 2018. (Consultado 26/05/2020). Disponible en: <http://repositorio.usfq.edu.ec/bitstream/23000/7721/1/140474.pdf>
29. Polo Usaola C, López Gironés M, Olivares Zarco D, Escudero Nafs A, Rodríguez Vega B, Fernández Liria A. Autoinculpación en mujeres que sufren maltrato por parte de su pareja. Factores implicados. Rev La Asoc Española Neuropsiquiatría 2006;XXVI:71–86. (Consultado 26/05/2020). Disponible en: http://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0211-57352006000100005
30. Sar López U. Vivencias das mulleres sobreviventes da violencia de xénero. Participación na comunidade. A Coruña: 2018. (Consultado 15/06/2020). Disponible en: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/24523/SarLopez_Uxia_TFG_2019.pdf?sequence=2&isAllowed=y
31. Freire Vázquez M. La voz de las supervivientes mayores en el entorno rural: aproximación al fenómeno de la violencia de género. A Coruña: 2016. (Consultado 15/06/2020). Disponible en: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/19200/Freire%20V%c3%a1zquez_Marta_TFG_2017.pdf?sequence=2&isAllowed=y
32. Cortejarena A. Mujeres violadas: reencuentro sexual con la pareja. Rev Argentina Sex Humana 2005;18:7–12. (Consultado 26/05/2020). Disponible en:

http://sasharg.com.ar/descargas/Articulos/Clinica/Mujeres_violadas.pdf

33. Delegación del Gobierno para la Violencia de Género. Estudio sobre el tiempo que tardan las mujeres víctimas de violencia de género en verbalizar su situación. Madrid: 2019. (Consultado 30/05/2020) Disponible en: https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2019/pdfs/Estudio_Tiempo_Denuncia4.pdf
34. Javaherian-Dysinger H, Krpalek D, Huecker E, Hewitt L, Cabrera M, Brown C, et al. Occupational needs and goals of Survivors of Domestic Violence. *Occup Ther Heal Care* 2016;30:175–86. DOI 10.3109/07380577.2015.1109741.
35. Bonomi AE, Anderson ML, Rivara FP, Thompson RS. Health outcomes in women with physical and sexual intimate partner violence exposure. *J Women's Heal* 2007;16:987–97. DOI 10.1089/jwh.2006.0239.
36. Ramos-Lira L, Saltijeral-Méndez MT, Romero-Mendoza M, Caballero-Gutiérrez MA, Martínez-Vélez NA. Violencia sexual y problemas asociados en una muestra de usuarias de un centro de salud. *Salud Publica Mex* 2001;43:182–91. DOI 10.1590/s0036-36342001000300002.
37. Tetikcok R, Ozer E, Cakir L, Enginyurt O, İscanli MD, Cankaya S, et al. Violence towards women is a public health problem. *J Forensic Leg Med* 2016;44:150–7. DOI 10.1016/j.jflm.2016.10.009.
38. Campbell JC. Health consequences of intimate partner violence. *Lancet* 2002;359:1331–6. DOI 10.1016/S0140-6736(02)08336-8.

9. APÉNDICES

9.1. Apéndice I. Carta de aceptación para o desenvolvemento do estudo

Título do estudo:

Estudo cualitativo sobre as vivencias de mulleres superviventes á violencia sexual.

Investigadora:

Lara Rodríguez Guerreiro, estudante de 4º curso do Grao en Terapia Ocupacional.

Centro:

Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

Don/Dona.....,

Como responsable do centro.....,

Expoño que lín a folla informativa sobre o traballo de investigación para a realización que se pretende realizar no centro e autorizo a Lara Rodríguez Guerreiro á realización do seu Traballo de Fin de Grado durante o transcurso do ano académico 2019/2020.

En a de maio de 2020.

Fdo: O/A responsable do centro

Nome e Apelidos:

9.2. Apéndice II. Documento de información para el centro

Título do estudo:

Estudo cualitativo sobre as vivencias de mulleres superviventes á violencia sexual.

Obxectivos:

- Xeral:
Indagar sobre o impacto ocupacional que sofren as mulleres superviventes de violencia sexual.
- Específicos:
 - Afondar nas historias de vida das superviventes de violencia sexual.
 - Descubrir o significado que lle outorgan a esta situación vital.
 - Coñecer como a violencia sexual afectou a súa vida cotiá.

Selección de participantes:

Criterios de inclusión

Ser maior de 18 anos

Ter vivido unha situación de violencia sexual

Criterios de exclusión

Presencia de algunha situación que dificulte a realización da entrevista

Que o equipo terapéutico do centro, tras realizar unha avaliación, determine que a súa participación no estudo será prexudicial.

Recollida de datos:

Levarase a cabo mediante unha entrevista semiestructurada, na cal se recollerán preguntas enfocadas á historia de vida, encamiñadas a dar resposta ós obxectivos do estudo. Tamén se recollerán datos sociodemográficos das mulleres participantes.

Aspectos éticos e legais:

- Cumprimento das normas de Boa Práctica e Declaración de Helsinki.
- Confidencialidade da información.
- Consentimento informado.

Contacto:

Lara Rodríguez Guerreiro

Teléfono: + 34 XXX XXX XXX

Correo: aaaaaaaa@gmail.com

María Nereida Canosa Domínguez

Teléfono: + 34 XXX XXX XXX

Correo: aaaaaaaa@gmail.com

Natalia Vázquez Pita

Teléfono: + 34 XXX XXX XXX

Correo: aaaaaaaa@gmail.com

9.3. Apéndice III. Documento de información para as participantes

Título do estudo:

Estudo cualitativo sobre as vivencias de mulleres superviventes á violencia sexual

Investigadora:

Lara Rodríguez Guerreiro

Centro:

Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde

O presente documento ten o obxectivo de informar sobre as implicacións da súa participación no estudo de investigación.

Se vostede decide participar, ten o dereito de recibir unha información personalizada por parte da investigadora. Despois de ler este documento, poderá facer todas as preguntas que considere necesarias para entender os detalles que precise en referencia o mesmo. Ademais, se o desexa, pode levar o documento con vostede, para comentalo con terceiras persoas ou tomar a decisión de participar ou no con maior tempo.

A participación neste estudio é sempre voluntaria, e se vostede decide nun primeiro momento aceptar pode cambiar de opinión en calquera momento sen necesidade de dar explicación algunha. Dita decisión, no caso de ser tomada, non afectará en ningún momento á relación cos profesionais que a atenden ou ós servizos prestados.

Cal é o propósito deste estudo?

O propósito do estudo é investigar as vivencias das mulleres superviventes á violencia sexual. Coñecer a súa realidade, afondar nas súas experiencias e descubrir o impacto que supuxo nas súas ocupacións vivir dita situación.

Por que me ofrecen participar?

Vostede foi invitada a participar xa que cumpre cos criterios de inclusión determinados para a participación no estudo.

En que consiste a miña participación?

A súa participación no estudo consiste en responder a unha entrevista semiestruturada. Dita entrevista terá unha duración aproximada dunha hora e é posible que despois de realizala se volva a contactar con vostede para aclarar determinados aspectos ou recoller novos datos.

As entrevistas serán gravadas mediante un dispositivo dixital e, tras a súa análise, serán eliminadas.

A miña participación pode ocasionarme molestias ou inconvenientes?

Como única molestia, está o tempo invertido na entrevista e a confrontación as preguntas da mesma.

Obterei algún beneficio pola miña participación?

Non se espera que vostede obteña ningún beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre a repercusión que ten a violencia sexual na vida das mulleres superviventes. Esta información poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas.

Poderei recibir a información obtida polo estudo?

Se o desexa, enviaráselle un resumo dos resultados ó finalizar o estudo.

Publicaranse os resultados do estudo?

Os resultados serán facilitados a diferentes publicacións científicas para a súa difusión, sempre mantendo a confidencialidade das participantes.

Como se protexera a confidencialidade dos meus datos?

A obtención, tratamento, conservación, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao Regulamento Xeral de Protección de Datos (Regulamento UE 2016-679 do Parlamento europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016) e a normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente.

Os datos serán seudonimizados, é dicir, tratados de tal maneira que non podan atribuírse a ninguén sen información adicional. Só a investigadora será coñecedora do código que permita saber a súa identidade.

A normativa que regula o tratamento de datos de persoas, recolle o dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o seu tratamento, restrinxir ou solicitar a súa supresión. Ademais, recolle o dereito de portabilidade, o cal lle da a posibilidade de solicitar unha copia dos datos ou que sexan remitidos a un terceiro. Para poder exercer os dereitos nomeados debe dirixirse ás investigadoras do estudo.

Se considera que algún dos dereitos non foron respectados, pode interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Soamente o equipo investigador e as autoridades sanitarias, que teñen o deber de gardar a confidencialidade, terán acceso a todos os datos recollidos polo estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poda ser identificada. No caso de que algunha información se transmita a outros países, realizarase cun nivel de protección de datos equivalente, como mínimo, ao establecido pola normativa española e europea.

Os datos recollidos serán eliminados ou gardados de maneira codificada para o seu uso en futuras investigacións ó finalizar o estudo ou o prazo

legal establecido, segundo o que escolla na folla de firma do consentimento.

Como podo contactar co equipo investigador deste estudo?

Vostede pode contacto co equipo de investigación mediante:

Lara Rodríguez Guerreiro

Teléfono: + 34 XXX XXX XXX

Correo: aaaaaaaa@gmail.com

María Nereida Canosa Domínguez

Teléfono: + 34 XXX XXX XXX

Correo: aaaaaaaa@gmail.com

Natalia Vázquez Pita

Teléfono: + 34 XXX XXX XXX

Correo: aaaaaaaa@gmail.com

9.4. Apéndice IV. Documento de consentimento informado

TÍTULO do estudo: Estudo cualitativo sobre as vivencias de mulleres superviventes á violencia sexual.

Eu,.....

- Lin a folla de información á participante do estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con: Lara Rodríguez Guerreiro e facer todas as preguntas sobre o estudo.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta no acceso aos servizos e trato recibido.
- Accedo a que empreguen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información á participante.
- Presento libremente a miña conformidade para participar neste estudo.

Ao finalizar este estudo acepto que os meus datos sexan:

- Eliminados.
- Conservados anonimizados para futuros usos en outras investigacións.

Fdo.: A participante,

Fdo.: A investigadora,

Nome e Apelidos:

Nome e Apelidos:

Data:

Data:

9.5. Apéndice V. Guión de entrevista mulleres superviventes 1

- Introdución: agradecer a súa participación, dicir o meu nome, o que estudio e onde se vai a recoller a información (TFG)
- Explicación: explicar o propósito da entrevista (dar voz as mulleres superviventes desta situación, e investigar o impacto que tivo na súa vida e na súa saúde).
- Aspectos éticos: recordar que a información que proporcione será anonimizada e unicamente será empregada no traballo de investigación. (recordar pedir que firme o consentimento informado e pedir permiso para gravar a entrevista).
- Temas para abordar:
 - Contexto no que se levou a cabo o acoso/abuso/agresión.
 - Impacto ocupacional.
 - Impacto na saúde.
 - Proceso (proceso de denuncia).

- Preguntas:

Código de anonimización:

Profesión:

Idade:

Formación:

Estado civil:

Lugar de residencia:

1. Cales foron a súas vivencias en relación á violencia de xénero?
(Historia de vida, situación actual, cando ten lugar a situación e de que maneira...)
2. Acudiu a algún recurso despois de vivir esta situación?
Que recursos coñecía no momento? A cal acudiu? Como foi o trato no mesmo?
Denunciou?
 - *Si, cales foron os motivos?*
 - *No, cales foron os motivos?*

Tivo a oportunidade de comentarllo a alguén do seu círculo social?
Considera que tivo apoios durante o proceso?

3. Diría que dita situación impactou dalgún xeito no seu día a día? De que maneira?
(Impacto na saúde física, mental, social; afectación á súa rutina...)
4. En canto a sexualidade, como vivías esa relación?
5. Como cree que é a mirada da sociedade fronte a estas situacións?
Como cree que é vista a muller que as vive?
6. Por último, hai algo máis que queira compartir?

Se procedese, realizaríanse as seguintes aclaracións:

- Identificar a situación vivida como violencia sexual:
 - Sentíase mal, incómoda, violentada, con medo, etc. antes, durante ou despois de manter relacións.
 - Consentía as relacións cun fin (acabar cunha pelexa, que a deixara tranquila, que non se puxera violento...)
 - O tipo de relación, a frecuencia, a cantidade de tempo, o momento, etc. decidíao el.
- Explicación da situación:

A situación que describe atópase recollida no código penal y na lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Nesta última, enténdese por agresión ou abuso sexual calquera acto de natureza sexual que sexa forzado, fisicamente ou no, polo agresor. Abarca a intimidación, a imposición, as ameazas, a forza, etc.

Polo que existe violencia sexual sempre que a persoa non queira manter relacións sexuais e as manteña de igual maneira, sexa cal sexa o motivo.

No caso de non utilizar a forza de maneira explícita, o consentimento a manter relacións sexuais débese á situación de violencia na que se atopaba, aparecendo na persoa agredida sentimentos de obrigación,

medo, ou responsabilidade moral ou marital. Desta maneira, accedese co fin de non desencadear ningunha reacción negativa por parte do agresor ou para rematar cunha situación desagradable.

- Valoración da situación en relación a poder continuar coa realización da entrevista.

Moitas grazas por participar e compartir isto comigo.

9.6. Apéndice VI. Guión de entrevista mulleres superviventes 2

- Introdución: agradecer a súa participación, dicir o meu nome, o que estudio e onde se vai a recoller a información (TFG)
- Explicación: explicar o propósito da entrevista (dar voz as mulleres superviventes desta situación, e investigar o impacto que tivo na súa vida e na súa saúde).
- Aspectos éticos: recordar que a información que proporcione será anonimizada e unicamente será empregada no traballo de investigación. (recordar pedir que firme o consentimento informado e pedir permiso para gravar a entrevista).
- Temas para abordar:
 - Contexto no que se levou a cabo o acoso/abuso/agresión.
 - Impacto ocupacional.
 - Impacto na saúde.
 - Proceso (proceso de denuncia, en tal caso).
- Preguntas:

Código de anonimización:

Profesión:

Idade:

Formación:

Estado civil:

Lugar de residencia:

1. Cales foron a súas vivencias en relación á violencia sexual?
(Historia de vida, situación actual, cando ten lugar a situación e de que maneira, se tivo apoios e de que clase...)
2. Acudiu a algún recurso despois de vivir esta situación?
Que recursos coñecía no momento? A cal acudiu? Como foi o trato no mesmo?
Denunciou?
 - *Si, cales foron os motivos?*
 - *No, cales foron os motivos?*

Tivo a oportunidade de comentarllo a alguén do seu círculo social?
Considera que tivo apoios durante o proceso?

3. Diría que dita situación impactou dalgún xeito no seu día a día? De que maneira?

*(Impacto na saúde física, mental, social e **sexual**; afectación á súa rutina...)*

4. Como cree que é a mirada da sociedade fronte a estas situacións?
Como cree que é vista a muller que as vive?

5. Por último, hai algo máis que queira compartir?

Moitas grazas por participar e compartir isto comigo.